

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FERROL

Bases reguladoras da concesión de becas de comedor escolar para o curso 2016-2017

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE BECAS DE COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO 2016-2017

1.-Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular o sistema de concesión de bolsas de axuda de comedor para o curso escolar 2016-2017, dirixidas a unidades familiares con menores a cargo, escolarizados nos centros de ensino (públicos e concertados) da localidade en que se impartan estudos de educación infantil e primaria e que conten con servizo de comedor.

O sistema de acceso a estas axudas estará condicionado á dispoñibilidade de prazas en cada centro escolar e ao crédito asignado para esta axuda no presuposto municipal.

A axuda destinarase a familias que se encontren en risco de exclusión social e con menor poder adquisitivo e será incompatible con calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade de outras institucións públicas ou privadas.

2.-Beneficiarios/as.

Unidades familiares de convivencia con menores de idade a cargo, escolarizados en centros de ensino (públicos e concertados) da localidade en que se impartan estudos de educación infantil e primaria e que conten con servizo de comedor no termo municipal de Ferrol.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a unidade familiar:

1. Cónxuxes ou titores legais ou parellas de feito ou situación análoga.
2. Os fillos e as fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou, incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada.
3. Os fillos e as fillas solteiros/as menores de vinte e cinco anos no ano 2016 e que convivan no domicilio familiar.

Os ingresos de todos os membros mencionados serán tidos en conta a efectos de determinar a situación económica da unidade de convivencia.

Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que conviven con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción.

No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa pero si se terá en conta o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores inclúranse dentro do cómputo da renda familiar.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

A condición de familia monoparental entenderase cando formen parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao sustento do/da menor.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o destinatario da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

No suposto de acollemento, o destinatario da axuda será a persoa ou persoas que a teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.

En ningún caso poderán ser destinatarios da axuda os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública.

3.-Requisitos.

As persoas beneficiarias desta axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

4. Estar empadroado e residir no Concello de Ferrol.
5. Convivir cos menores para os que se solicita a beca de comedor.
6. Estar matriculados os menores en centros escolares públicos ou concertados do termo municipal de Ferrol que contén co servizo de comedor en educación infantil ou de ensino primaria.
7. Que os ingresos económicos da unidade familiar non superen os máximos establecidos nas bases.
8. Presentar a solicitude e a documentación requirida en tempo e forma establecida polo Concello de Ferrol.
9. No caso de ser beneficiario/a da beca no curso anterior, ter cumpridas as obrigas establecidas nas bases que regulaban esta axuda en dito curso.

4.-Obrigacións dos/as beneficiarios/as. Causas de revogación.

1. Utilizar o servizo de comedor, agás causa xustificada. Considerarase causa de extinción da prestación a acumulación de 10 faltas nun mesmo mes sen xustificar.
2. Comunicar á Unidade Básica de Traballo Social que corresponda por zona o abandono do servizo do comedor, así como a renuncia ao mesmo.
3. Comunicar á Unidade Básica de Traballo Social calquera variación nas circunstancias socio-económicas e familiares que se puidesen producir ao longo do curso escolar.
4. Cumprimento das normas de funcionamento interno do centro educativo ao que pertenza o/a alumno/a.
5. Asinar un acordo de compromisos de dar cumprimento aos puntos anteriores (ANEXO III).

5.-Solicitudes e prazo.

As solicitudes debidamente cumprimentadas deberán presentarse no Rexistro Xeral Municipal ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á data de publicación da convocatoria.

Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido e ao longo de todo o curso escolar, cando con posterioridade á finalización de dito prazo concurra algunha das seguintes circunstancias:

- Traslado de residencia ou centro escolar dende outro municipio, o que deberá acreditarse coa presentación de certificado escolar, inscrición no padrón municipal u outra documentación suficientemente xustificativa.
- Situacións de violencia de xénero, que deberá acreditarse mediante a documentación xudicial correspondente.
- Cambios na situación sociofamiliar que teñan como consecuencia o risco social dos menores, que será xustificada por informe técnico municipal acreditativo de dita situación.

Estas solicitudes presentadas fóra de prazo por causa sobrevida deberán cumprir os memos requisitos desta convocatoria e achegar toda a documentación preceptiva. Ademais mediante cita previa, os solicitantes deberán acudir á unidade básica de traballo social de referencia para que a posible situación sobrevida sea valorada polo persoal técnico dos servizos municipais, que emitirán un informe técnico que se incluírá no expediente da persoa interesada.

Os/as técnicos/as de referencia indicaránlles a documentación que deben presentar polos medios sinalados estas bases. Unha vez recibida, e se é insuficiente ou está incompleta, requerirase ao interesado para que nun prazo de 10 días hábiles subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Transcorrido ese prazo sen que o interesado teña realizada a subsanación correspondente, dita solicitude entenderase desestimada.

6.-Documentación.

Terán que presentar a documentación que se relaciona a continuación todos os membros da unidade familiar, segundo o punto 2.

A documentación preceptiva a presentar coa solicitude é a seguinte:

1.–Modelo normalizado de solicitude completamente cuberto no que se especificará o nome do/a dos/as menor/es, o centro escolar e o curso para o que se solicita a bolsa de axuda (anexo I).

2.–Declaración responsable segundo o anexo II.

3.–Declaración de obrigacións segundo o anexo III.

4.–Fotocopia completa do libro de familia.

5.–Fotocopia da última declaración do IRPF, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar.

No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda ou autorizar a o Concello de Ferrol á consulta deses datos segundo modelo autorizado (Anexo IV) asinado por todos os integrantes da unidade familiar.

6.–Informe da vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social, ou organismo que corresponda no caso de persoal funcionario. No caso de telo solicitado presentárase a copia do xustificante da mencionada solicitude e o informe achegárase á solicitude en canto sexa emitido e recibido.

7.–Fotocopia do DNI/NIE/Pasaporte en vigor da persoa solicitante.

8.–En caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza e do convenio regulador. En situacións de non pagamento, copia da solicitude da execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

9.–En caso de unións de feito con fillos/as recoñecidos, copia da sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificantes das achegas económicas establecidas na mencionada sentenza. En situacións de non pagamento, copia da solicitude de execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.

En situacións de impago nos casos 7 e 8, presentárase copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. De non presentar dita documentación, considerarase que se está recibindo a contía por pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos.

10.–En caso de que os/as menores estean en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, se é o caso, a contía da remuneración.

11.–Xustificantes de ingresos:

a) Traballadores/as en activo:

a.1) Traballadores/as por conta allea.

- Fotocopia das dúas últimas nóminas.

a.2) Traballadores/as autónomos:

- Fotocopia de pagamentos a conta do IRPF do primeiro trimestre do ano 2016, para empresarios ou profesionais.

b) Pensionistas:

- Xustificante da pensión/s mensual.

c) Demandantes de emprego con prestación/subsidio:

- Certificado de prestacións do INEM dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.

d) Demandantes de emprego sen prestación:

- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.

e) Perceptores/as de RISGA e RAI.

- Xustificante da contía mensual.

f) Acollemento familiar remunerado.

- Xustificante da contía mensual da prestación.

g) Salario da liberdade.

- Xustificante da contía mensual da prestación.

Cando non sexa posible achegar a documentación requirida por razóns alleas ao solicitante, poderá ser subsanada mediante declaración responsable, sendo esta circunstancia obxecto de valoración polos servizos sociais municipais. En

ningún caso esta declaración responsable substituirá a documentos de obrigada presentación e que deban obrar en poder dos solicitantes.

Nos supostos de acollemento, o/a destinatario/a da bolsa de axuda será a persoa ou persoas que teñan resolución administrativa ou auto xudicial desta.

O empadramento e convivencia comprobarase de oficio dende o departamento de Servizos Sociais.

7.-Criterios de valoración.

As solicitudes valoraranse tendo en conta o seguinte criterio económico:

7.1.–Baremo económico.

No baremo económico terase en conta o 1,5 veces o IPREM, incrementando un 15% por cada novo membro e cun límite de 1397,02 €, segundo o seguinte baremo:

N.º de membros	Contía
- 2	798,76 €
- 3	918,57 €
- 4	1.056,35 €
- 5	1.214,80 €
- 6	1397,02 €

No suposto de que non se poidan conceder axudas a todos os/as solicitantes que cumpran os requisitos requiridos no baremo anterior, pola limitación do crédito destinado a esta convocatoria, as axudas concederanse dándolles prioridade aos solicitantes que obtivesen maior puntuación de acordo co seguinte baremo:

7.2.–Situación familiar, social e laboral dos pais ou titores legais do menor/es.

Situación familiar, social e laboral dos pais/titores dos/as menores	Puntos
Familias en situación de desemprego, emprego precario ou perceptora de pensións ou salarios mínimos establecidos por Lei: PNC, RISGA, RAI e salario da liberdade	7
Familia numerosa	5
Situación de violencia de xénero no contorno familiar	3

7.3.–Situación social do/a menor de 0 a 5 puntos (acredítase mediante informe técnico).

Neste apartado prevalecerá o benestar do/a menor sobre o baremo económico sempre que a situación social do/a menor sexa acreditada mediante informe técnico que será emitido polos/as profesionais dos servizos sociais municipais.

En caso de empate no total de puntos obtidos e para adxudicar as becas, terase en conta a puntuación obtida nos seguintes criterios de valoración:

- Mayor puntuación no informe técnico sobre a situación social do menor.
- Número de beneficiarios por solicitante, tendo preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.

Dentro da mesma puntuación terán prioridade os/as orfos/as, familias monoparentais ou familias con violencia de xénero no contorno familiar

8.–Criterios de adxudicación.

O outorgamento destas bolsas de axuda estará supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida correspondente do orzamento municipal xeral anual.

As bolsas de axuda serán adxudicadas ás familias que obteñan a maior puntuación ate esgotar o orzamento asignado. Aquelas familias que, cumprindo os requisitos esixidos, no fosen beneficiarias de bolsa por falta de crédito presupostario quedarán en listaxe de espera.

No caso de quedar vacantes por perda da bolsa ou por renuncia voluntaria á ela dalgún/ha adxudicatario/a, estas serán outorgadas aos/as solicitantes que se encontren na listaxe de espera por rigorosa orde de puntuación e sempre en función do crédito presupostario existente.

As solicitudes que veñan de situacións posteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes, tamén se incluírán, na listaxe de espera e ocuparán, segundo a puntuación alcanzada, o lugar que lles corresponda.

Poderase revogar a concesión da bolsa de comedor outorgada se se produce algún dos seguintes supostos:

1. A ocultación de información, se esta condicionou a concesión da axuda.
2. A alteración das circunstancias alegadas que motivaron a súa concesión.
3. As faltas de asistencia, sen causa xustificada, ao comedor durante 10 días nun mesmo mes.

9.-Tramitación e resolución das solicitudes.

O procedemento de tramitación das solicitudes seguirá as seguintes canles:

- 1) As solicitudes serán avaliadas polo persoal técnico dos Servizos Sociais.
- 2) Unha vez avaliadas a concelleira delegada de Área de Servizos Sociais resolverá a publicación da listaxe provisional das resolucións, que se publicará no taboleiro do Concello, nos distintos centros de Servizos Sociais.
- 3) Unha vez publicadas establécese un prazo de 10 días naturais para presentar reclamacións sobre as resolucións efectuadas.
- 4) Unha vez resoltas todas as reclamacións, a resolución definitiva que se adopte e a relación de solicitudes admitidas serán publicadas na mesma forma que a resolución provisional. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59.6.b e 60 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude, segundo o disposto no artigo 61 da Lei orgánica 30/1992 mencionada anteriormente, e en cumprimento da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

10.-Orzamento.

O gasto total para o curso escolar 2016/2017 ascende a 200.000 €, segundo o seguinte desglose por exercicios orzamentarios:

- Exercicio 2016: 55.000 € para período de setembro a decembro, con cargo á partida 04001 3263 48000.
- Exercicio 2017: 145.000 € para o período de xaneiro a xuño.

Sempre que houbese dispoñibilidade orzamentaria e o número de solicitudes así o demandase, as contías antes indicadas, poderán ser incrementadas.

11.-Entidades colaboradoras.

Serán entidades colaboradoras os centros docentes públicos e concertados de educación infantil e de educación primaria obrigatoria que teñan servizo de comedor.

As bolsas de axuda aboaranse directamente ás empresas adjudicatarias do servizo de comedor escolar mediante a presentación da correspondente factura mensual.

13.-Recursos e impugnacións.

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma prevista na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As reclamacións ás listas provisionais e definitivas publicadas rexeranse polo establecido nestas bases. As reclamacións que resulten estimadas non terán, en ningún caso, carácter retroactivo.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá a interposición de recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo de un mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contar dende a notificación da resolución desestimatoria, se fose expresa, ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto (Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Ferrol,

A concelleira

Beatriz Sestayo Doce

ANEXO I

SOLICITUDES BOLSAS DE AXUDA DE COMEDOR CURSO ESCOLAR 2016/2017

Solicitante:

Nome e apelidos

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Menores:

Nome e apelidos	Centro de ensino	Curso

Sinalar cunha cruz a opción elixida:

<input type="checkbox"/>	Almorzo
<input type="checkbox"/>	Xantar
<input type="checkbox"/>	Almorzo e xantar

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter Persoal, infórtese que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido á Concillería de Benestar Social do Concello de Ferrol.

Ferrol, de de 2016.

O/a solicitante

Asdo.:

ILMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO II**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don/dona

Con DNI

DECLARO

1. Que acepta as bases da convocatoria na súa integridade, cumpre os requisitos esixidos por esta e son certos todos os datos que constan na solicitude.
2. Que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración municipal
3. Que non está incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

Ferrol,

O/a interesado/a

ANEXO III**DECLARACIÓN DE OBRIGAS**

1. Utilizar o servizo de comedor, agás causa xustificada. Considerarase causa de extinción da prestación a acumulación de 10 faltas nun mesmo mes sen xustificar
2. Comunicar á Unidade Básica de Traballo Social que corresponda por zona o abandono do servizo do comedor, así como a renuncia ao mesmo
3. Comunicar á Unidade Básica de Traballo Social calquera variación nas circunstancias socio-económicas e familiares que se puidesen producir ao longo do curso escolar
4. O cumprimento por parte dos menores becados das normas de funcionamento interno do centro educativo ao que pertenza (o non cumprimento suporía deixar de ser beneficiario/a desta axuda)

Ferrol,

O/a interesado/a

ANEXO IV

- 1.-AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE FERROL SOLICITE E OBTENGA DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)
- 2.-AUTORIZO QUE SE REALICEN AS VERIFICACIÓNS E AS CONSULTAS A FICHEIROS PÚBLICOS NECESARIOS PARA ACREDITAR OS DATOS DECLARADOS COS QUE CONSTEN EN PODER DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B) DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Ferrol,

2016/6432